


NORMATIVA

Normativa de desenvolvemento das prácticas externas curriculares para o estudo do Máster de acceso á avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Versión consolidada: 18 de decembro de 2012

Universidade de Vigo





NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES PARA O ESTUDO DO MASTER DE ACCESO Á AVOGACÍA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

Aprobada na Xunta de Facultade de 18 de decembro de 2012

Artigo 1. Ámbito de aplicación

A presente normativa ten por obxecto desenvolver o Regulamento de Prácticas académicas externas do Alumnado da Universidade de Vigo, aprobado por Consello de Goberno de 24 de maio de 2012, e adaptalo ás peculiaridades da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo. Esta norma regulará determinadas cuestións relacionadas coas materias “Prácticas Externas Básicas” e “Prácticas Externas” que se atopan no Plan de Estudos do Máster de Acceso á Avogacía da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Definición, natureza e características das prácticas externas curriculares

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empleabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

2. Poderán realizarse na propia Universidade -en servizos non destinados a actividade docente-, ou en entidades colaboradoras, tales como, empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.

Artigo 3. Contido das Prácticas Externas Curriculares

As prácticas Externas axustaranse ao disposto no Proxecto Formativo incluído no Anexo do Convenio de Cooperación Educativa subscrito con cada unha das institucións que vaian ofrecer prazas para a realización das prácticas. O Proxecto Formativo especificará os obxectivos, competencias e actividades de cada unha das prácticas. En todo caso, a través do

devandito Proxecto Formativo desenvolveranse as competencias de aprendizaxe previstas na Guía Docente da materia, sen que poidan incluírse outras.

Artigo 4. Proxecto Formativo

1. O Proxecto Formativo é o documento no que se concreta a realización de cada práctica e deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias recollidas na guía docente da materia.

2. Haberá un Proxecto Formativo marco por cada Posgrao da Facultade, que se adaptará as características de cada entidade colaboradora e se axuntará a cada Convenio particular.

Artigo 5. Duración e horario das Prácticas do Máster de Acceso á Avogacía

1. A materia de Prácticas Externas básicas terá unha duración de 150 horas e desenvolverase durante o segundo cuadrimestre do primeiro curso académico en horario de mañá.

2. A materia Prácticas Externas terá unha duración de 600 horas e realizarase no primeiro cuadrimestre do segundo curso académico no horario equivalente a una xornada laboral.

3. O/A alumno/a que realice máis horas de prácticas nunha institución ou entidade superando os créditos atribuídos ás materias "Prácticas Externas básicas" e "Prácticas Externas" poderán obter o recoñecemento das mesmas como prácticas externas extracurriculares.

Artigo 6. Asignación de institucións e despachos de avogados/as ós/ás alumnos/as matriculados/as no Máster de Acceso á Avogacía.

1. No mes de setembro de cada curso académico a CAM, a proposta do coordinador profesional do Máster, comunicará ós alumnos o contido e desenvolvemento das Prácticas Externas Básicas e Prácticas Externas, indicando:

- a As institucións; Administracións e despachos de avogados colaboradores onde se levarán a cabo; datas do seu comezo, finalización e horarios.



b A asignación dun titor académico e outro profesional a quen lles corresponderá a cualificación e avaliación da totalidade das prácticas levadas a cabo consonte os artigos 11 e Anexo II desta Normativa.

2.- Todos os alumnos/as levarán a cabo as mesmas prácticas, de xeito rotatorio e alternativamente, correspondéndolle ó coordinador profesional a proposta de conformación, no seu caso, dos grupos de alumnos para o seu desenvolvemento, de acordo coas prazas, oficinas e servizos ofertados polas institucións e Administracións colaboradoras e, asemade, a asignación a cada alumno dun despacho de avogados colaborador, tendo en conta, no posible, a preferencia do alumno a respecto da especialidade do despacho a asignar, sen prexuízo de que o alumno poderá propoñer ó coordinador profesional un despacho de avogados onde levar a cabo as prácticas, previo acordo que acadara có mesmo, dos que no estean na listaxe de despachos colaboradores.

3. Esta proposta será elevada a CAM que aprobará e publicará a resolución correspondente. Os alumnos/as que non estean conformes con ela contarán dun prazo de 3 días hábiles para presentar as súas reclamacións perante da CAM, que as resolverá no prazo máximo de 3 días hábiles, ditándose a resolución definitiva de asignación das prácticas.

Artigo 7. Dereitos e deberes dos estudantes en prácticas

1. Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

- a Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor/a da Universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice a mesma.
- b Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade.



- c Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, no seu caso, o seu rendemento.
- d A percibir, nos casos en que así estivese estipulado, a aportación económica
- e Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

2. Así mesmo, durante a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán atender ao cumprimento dos seguintes deberes:

- a Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola Universidade.



- b Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas seguindo as indicacións do tutor asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do tutor académico da Universidade.
- c Manter contacto co tutor/a académico/a da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.
- d Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- e Desenvolver o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas no mesmo.
- f Elaboración da memoria final das prácticas, prevista nesta normativa e, no seu caso, do informe intermedio.
- g Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.
- h Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara ao política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da Universidade de Vigo.
- i Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.



Artigo 8. A Coordinación do programa de prácticas

1. A coordinación dos programas de prácticas correspóndelle ao coordinador/a profesional do Máster de acordo co previsto nos convenios de colaboración académica asinados entre a Universidade de Vigo e os Ilustres Colexios de Avogados de Vigo e Pontevedra.
2. O coordinador/a será o/a encargado/a de elaborar a proposta de plan de prácticas e o seu cronograma, para sometelos á aprobación da CAM.
3. Correspóndelle ao coordinador/a propor á CAM a designación dos titores profesionais.

Artigo 9. O titor/a académico/a

1. A CAM designará ao comezo de cada curso un/unha ou varios/as titores/as académicos/as das prácticas externas.
2. Para poder ser titor/a académico/a das prácticas é preciso impartir docencia na titulación da que se trate e ter unha vinculación a tempo completo coa Universidade de Vigo.
3. O coordinador académico do Máster solicitará profesores voluntarios para titorizar as prácticas externas entre quen cumpran estes requisitos. En caso de non presentarse voluntarios/as, ou non ser suficientes para cubrir a demanda, a CAM efectuará un sorteo entre os profesores/as que cumpran os requisitos anteriormente mencionados.
4. O titor/a académico/a da Universidade terá os seguintes dereitos:
 - a Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a Universidade, de acordo coa súa normativa interna.
 - b A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do Proxecto Formativo e das condicións baixo as que se desenvolvese a estancia do estudante a titorizar.
 - c Ter acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.



5. Así mesmo, terá os seguintes deberes:

- a Velar polo normal desenvolvemento do Proxecto Formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor/a da entidade colaboradora e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.
- c Autorizar as modificacións que se produzan no Proxecto Formativo.
- d Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado dacordo co que se establece esta normativa.
- e Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- f Informar ao órgano responsable das prácticas externas na Universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g Supervisar, e no seu caso solicitar, a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios par asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- h Así mesmo, tamén debe velar polo íntegro cumprimento das labores e compromisos tanto do estudante como da empresa ou institución colaboradora.

Artigo 10. O titor/a da institución colaboradora

1. De acordo co Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, o alumno debe contar na institución colaboradora cun titor que supervisará e dirixirá o seu proceso de aprendizaxe.
2. Ao concluír as prácticas o titor/a da entidade colaboradora deberá remitir ao titor/a académico/a do alumno/a un Informe de Seguimento das Prácticas, axustándose ao



modelo incorporado ao Anexo II desta normativa. Este informe debe ser confidencial, de modo que, na fase previa á cualificación, só poderán ter acceso ao mesmo o titor/a académico/a , evitándose en todo momento a súa entrega ao alumno. Este só poderá coñecer o seu contido unha vez que fose informado oficialmente da nota alcanzada na materia.

3. O titor/a da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da Universidade, nos termos previstos no convenio de cooperación educativa.
- b A ser informado/a acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do Proxecto Formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios par o cumprimento dos fins propios do seu función.
- d Aqueles outros específicos que a Universidade poida establecer.

4. O titor/a da entidade colaboradora terá, así mesmo os seguintes deberes:

- a Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver con arranxo ao establecido no Proxecto Formativo.
- b Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d Coordinar co titor/a académico/a da Universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles



incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.

- e Emitir os informes intermedio e final a que se refire esta normativa.
- f Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h Facilitar e estimular a aportación de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i Facilitar ao titor/a académico/a da Universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios do seu función.
- j Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- k Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

Artigo 11. Avaliación das prácticas

1. A avaliación das prácticas será levada a cabo polo titor/a académico/a asignado ao alumno. Para poder ser avaliado positivamente é necesario:

- a Non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas que conforman a práctica.
- b Que a cualificación global que figure no Informe de Seguimento emitido polo titor/a da entidade externa sexa igual ou superior a cinco puntos sobre dez.



c Entregar ao titor/a académico/a no prazo previamente establecido dende a dirección do Máster a Memoria de Prácticas Externas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo I da presente normativa.

2. O titor/a académico/a elaborará un Informe de Valoración Final no que determinará a cualificación final. Para iso terá en conta de forma prioritaria o Informe de Seguimento remitido polo titor/a da institución colaboradora e a Memoria presentada polo alumno/a, pero poderá valorar tamén o interese demostrado polo estudante, as titorías académicas levadas a cabo en relación coa práctica, así como calquera outro factor do que se deduza un bo resultado na aprendizaxe.

3. En función de todos estes factores, se a cualificación obtida no Informe de Seguimento do titor/a da entidade colaboradora é igual ou superior a cinco, o titor/a académico/a poderá incrementar a cualificación do alumno até en dous puntos e medio, sen que a cualificación final poida superar os dez puntos. Pola contra, o titor/a non poderá rebaixar a nota asignada ao alumno/a no Informe de Seguimento emitido polo titor da institución colaboradora que poderá ser **ata 8 puntos**.

4. No caso de que o estudante non reúna algún dos tres requisitos enumerados nos apartados a), b) e c) deste precepto, recibirá a cualificación de “Suspenso”.

Anexo I

MODELO DE MEMORIA DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

DATOS IDENTIFICATIVOS:

Datos persoais do alumno:

Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de localización: Nome do titor da institución de destino:

Nome do titor académico:

Datas de iniciación e finalización das prácticas:

Número de horas realizadas:

CONTIDO:

Departamento no que se realizou a práctica

Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado.

Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.

Relación dos problemas expostos e o procedemento seguido para a súa resolución.

Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.

Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

Anexo II

MODELO DE INFORME FINAL DO TITOR DA ENTIDADE EXTERNA

DATOS IDENTIFICATIVOS:

Datos da institución de destino:

Datos persoais do alumno:

Nome do titor da institución de destino:

Datas de iniciación e finalización das prácticas:

Número de horas inicialmente planificadas:

Número de horas efectivamente realizadas polo alumno, especificando a cantidade de ausencias xustificadas e inxustificadas:

CONTIDO:

Aptitude e avaliación da/o alumna/o no desenvolvemento das prácticas

MÁSTER EN AVOGACÍA

Competencias		
1. Aplicación dos coñecementos académicos á realidade das distintas prácticas levadas a cabo.		de 1 a 3
2. Capacidade de traballo e responsabilidade no desenvolvemento das prácticas.		de 1 a 2
3. Regularidade no seu seguimento		hasta 1
4. Actitude, intervención activa en sentido crítico		hasta 1
5. Comportamento ético e profesional.		hasta 1

Observacións:

Cualificación global (de 1 a 8) Suspenso: Menos de 5 puntos

NOTA FINAL (de 1 a 8)	
------------------------------	--